

## CRITERIO DE SELECCIÓN ALUMNADO E PROCESO DE SELECCIÓN PROXECTO KA-220-SCH 2023-2025

- DESCRIPCIÓN DO PROXECTO

O IES Rosalía de Castro participa nunha Asociación de Cooperación KA220 dentro do sector escolar xunto a 5 países máis grazas ao Programa Erasmus+. O obxectivo principal para participar nela é permitir que o noso centro educativo aumente a calidade e a pertinencia das actividades que se realicen, ampliar e reforzar as nosas redes de organización e incrementar a nosa capacidade para operar de xeito conxunto a nivel transnacional. Desta maneira, impulsamos a internacionalización do centro e intercambiamos e desenvolvemos prácticas e métodos novos que redundarán na mellora da calidade do ensino.

O proxecto no que participamos chámase "[Being Human in the EU \(BHiEU\)](#)" e levarase a cabo ao longo de dous cursos: 23/24 e 24/25. Os nosos socios son centros educativos de Hungría, Dinamarca, Lituania, Polonia e Portugal, todos eles contan con moita tradición en proxectos exitosos no marco do Programa Erasmus+. Está orientado á Historia e aos estudos sociais dentro da Unión Europea, en concreto; ao estudo das diferentes idades da vida humana.

No presente curso 24\_25 realizaremos tres mobilidades de tres alumnos/as cada unha aos seguintes países: Portugal, Polonia e Dinamarca. No presente proceso selectivo, quedarán asignadas as prazas para as 9 persoas titulares e as 3 persoas de reserva necesarias.

O proceso de traballo partirá dunha división do ciclo vital en seis grupos diferentes, dende a infancia ata a vellez, que serán repartidos entre os centros educativos socios. Así pois, cada un dos centros especializarase no traballo do grupo de idade que lle corresponda. O noso centro encargouse no curso pasado do grupo de adolescencia, dende os 14 ata os 18 anos.

As mobilidades consisten en seis encontros, neles, tres estudantes de cada país socio xunto ao seu profesorado, viaxa ata cada un dos países. Comezouse en Hungría, seguidamente visitouse Santiago e Lituania. Agora toca Portugal, Polonia e para rematar o país que coordina o proxecto: Dinamarca.

Durante as mobilidades, o alumnado examinará a ese determinado grupo de idade no país de acollida: como se trata ás persoas desa idade, cales son as súas posibilidades, dereitos, dificultades, etc. Visitarán institucións, organizacións e ONG's que vanse ocupar dese grupo, farán entrevistas e compartirán experiencias e vivencias co alumnado dos diferentes países. Ao longo deses 5 días de mobilidade, crearán produtos finais específicos para o grupo de idade asignado relacionado co que viron e fixeron durante a semana (por

exemplo, un libro infantil para as crianzas, post en Instagram o vídeos en Tik-Tok para os adolescentes, folletos para os adultos, etc.) para despois poder difundir.

Entre as mobilidades, no seu país, o alumnado estudará o grupo de idade no seu propio país no que realizarán tarefas e actividades relacionadas co estudado.

- PROGRAMA CAS E BACHARELATO INTERNACIONAL

A proposta de traballo e participación no PROXECTO KA-220-SCH 2023-2025 está integrada como un Proxecto CAS de Creatividade - Servizo ofertado polo BI do IES Rosalía de Castro, ao igual que outros que xa están en curso e no que o alumnado participa.

O enfoque de avaliación e selección do alumnado para esta experiencia co-organizada BI - Erasmus+ será a mesma que no resto dos proxectos CAS en curso e que podemos resumir como segue a partir dos principios que establecen tanto o BI coma Erasmus+ e que conviven coherentemente:

Trátase dun programa baseado na capacidade de producir coñecemento a partir da propia experiencia e así convertila nunha fonte de recursos e autoridade para vivir no mundo presente. CAS axuda ao alumnado a "recoñecer e considerar o aspecto ético das decisións e das accións", por iso é tan importante que o alumnado incorpore este aspecto no seu "vídeo proposta de traballo" na temática que nos ocupa: "Ser cidadán na Unión Europea hoxe"

A selección, seguimento e avaliación da súa participación, terá en conta os seguintes resultados de aprendizaxe:

- Identificar nun mesmo as fortalezas e as debilidades.
- Afrontar desafíos e desenvolver novas habilidades dende a creatividade.
- Mostrar como iniciar e planificar o proxecto.
- Mostrar compromiso e perseverancia co proxecto
- Mostrar habilidades de traballo en equipo e recoñecer os beneficios do traballo colaborativo.
- Mostrar compromiso con cuestións de importancia global
- Recoñecer e considerar o aspecto ético das decisións e das accións.

A partir destes principios, tanto a carta de motivación como a presentación proposta de traballo, serán valoradas. Terán especial consideración a capacidade de situar a experiencia nun contexto europeo, a capacidade de xerar ideas e preguntas pertinentes e o enfoque creativo e persoal da proposta.

Cómpre sinalar, por último, que no devandito PROXECTO KA-220-SCH 2023-2025, tamén colabora a Cruz Vermella.

- REQUISITOS PARA PARTICIPAR

- Ser estudante de 1º de Bacharelato Internacional.
- Ser unha persoa participativa e respectuosa con toda a comunidade educativa.
- Ter un nivel de inglés fluído. Como mínimo un B2 ou equivalente, xa que todo o proxecto se fará nesa lingua.

- PROCESO DE SELECCIÓN

Ao alumnado que participe nesta mobilidade se lle presupón a competencia académica e persoal necesaria para asegurar que a experiencia sexa proveitosa para a persoa participante e para que o proxecto sexa un éxito no que se acaden os resultados de aprendizaxe. Aínda así, debemos facer un proceso de selección no que o alumnado interesado en participar deberá demostrar o seu interese e as diferentes competencias. O alumnado debe ser capaz de identificar formas de expresión que teñan un significado persoal e que lle permitan explorar as súas experiencias da mellor maneira posible. **O alumnado debe ter en conta que a mobilidade é o primeiro paso dun compromiso de traballo que comprenderá todo o curso.**

Este proceso de selección constará de dúas fases:

FASE 1 PRE-SELECCIÓN	Competencia persoal e interpersonal	Presentación oral de 5 minutos en inglés sobre o tema do programa e entrevista.	Máximo 25 puntos
FASE 2 SELECCIÓN	Competencia persoal e interpersonal	Carta motivacional e méritos	Máximo 10 puntos

O alumnado interesado en participar nas mobilidades, deberá completar [este formulario](#) de solicitude **ANTES DO MÉRCORES 18 DE SETEMBRO.**

Membros do equipo docente, do equipo Erasmus+, dos titores e a Coordinadora do BI, revisarán a presentación en inglés e a carta de motivación e realizarán a entrevista para valorar e asignar unha puntuación.

**FASE 1: PRE-SELECCIÓN** (clasificación, máximo 20 puntos mínimo 10 puntos)

As persoas titoras xunto á Coordinadora do BI, á Coordinadora Erasmus e o Vicedirector, a través da entrevista co alumnado, valorarán a súa idoneidade a través dunha puntuación tendo en conta os seguintes criterios:

CRITERIOS	Puntuación
1. Coñecemento do proxecto	5,5
2. Capacidade académica para levar a cabo a mobilidade de xeito exitoso	5
3. Espírito colaborativo e personalidade sociable	5
4. Capacidade de resolución de conflitos e de traballo colaborativo	5
5. Coñecementos do inglés	2,5
6. Ter algunha situación específica de apoio educativo	2
TOTAL	Máximo 25 puntos

No criterio 1 valorarase especialmente os seguintes aspectos:

- Coñecemento do programa (aparece na [web](#) do proxecto e nas súas RRSS)

**FASE 2 : SELECCIÓN.** Valoraranse os seguintes criterios:

CRITERIO	Puntuación
Motivación para participar (carta de motivación)	3
Previsible aproveitamento da estada no estranxeiro	3
Capacidade de traballo de xeito autónomo	3
Méritos	1
TOTAL	máximo 10 puntos

Na carta de motivación valoraranse os seguintes puntos:

- motivación xustificada da participación
- obxectivos persoais para participar
- fortalezas e feblezas
- aportación persoal ao proxecto
- expresión, redacción e estrutura

Na presentación oral valoraranse os seguintes puntos:

- enfoque
- creatividade
- ideas de traballo
- adecuación

- PROCESO DE ADXUDICACIÓN DAS PRAZAS

Á hora da adxudicación das prazas terase en conta a puntuación obtida por cada persoa candidata a participar.

No caso de que varias persoas teñan a mesma puntuación, considerarase a mellor puntuación segundo os criterios de selección na orde na que aparecen a continuación e ata que se chegue ao desempate:

- Criterio 1
- Criterio 6
- Criterio 3
- Criterio 5
- Criterio 4
- Criterio 2

- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

Formulario de solicitude de mobilidade (no que se inclúe unha presentación slide de traballo e unha carta de motivación), que se atopa no Espazo Virtual Erasmus+ da web do centro e nesta convocatoria.

- COMUNICACIÓN

Os resultados publicaranse no [Espazo Erasmus+](#) virtual e físico do centro.

O prazo de reclamación será durante os 2 días seguintes á publicación da listaxe das persoas beneficiarias e farase a través da Vicedirección.

- VACANTES

En caso de que houbera algunha vacante por renuncia ou baixa, as prazas serán concedidas segundo a puntuación obtida no proceso de selección.